

Segundo recolle o Protocolo de adaptación ao contexto COVID-19 publicado pola Consellería de Educación é moi importante evitar as aglomeracións nas entradas e saídas dos centros escolares. Isto vai a condicionar as entradas e saídas tanto ao longo do curso coma os primeiros días de clase.

Somos conscientes do trastorno que van causar estes cambios., pero son necesarios para que todo se desenvolva con normalidade. **O acceso ao centro será sempre pola porta fronte ao pavillón**, agás o alumnado transportado.

**Os acompañantes do alumnado de Infantil** (un por alumno/a) entrarán pola porta que está fronte ao pavillón. Farao despois de que entre todo o alumnado de Primaria no recinto e seguindo o horario establecido. Unha vez na entrada, o profesorado farase cargo do alumno/a e o acompañante deberá abandonar o recinto no menor tempo posible.

**Os acompañantes do alumnado de Primaria** non poderán acceder ao recinto (consultade as normas para pais/nais/titores publicados na web do centro)

É moi importante a puntualidade nas entradas pois non debe haber cruce de grupos. Se chegades antes, demorade polos arredores pero non cerca do centro. Así evitaremos aglomeracións. Evitaranse a formación de grupos mantendo en todo momento a distancia de seguridade.

### Xoves 9 de setembro

O xoves 9 de setembro comezarán as clases os alumnos e alumnas de Infantil e Primaria.

A entrada terá as seguintes quendas:

CURSO	ENTRADA	SAÍDA	LUGAR
<b>4º de Infantil</b>	Período de adaptación. Quendas especiais xa indicadas ás familias.		Serán entregados e recollidos na porta de entrada ao centro por conserxaría.
<b>5º de Infantil</b>	09:15	13:30	Unicamente para este día, o alumnado de 5º e 6º de Infantil co seu acompañante accederá ao recinto pola porta central. O profesorado recibirá ao alumnado na porta central que se abrirá para eles ese día. Á saída, o acompañante recollerá ao alumno ou á alumna de infantil na porta e na hora que corresponda.
<b>6º Infantil</b>	09:25	13:35	
<b>6º de Primaria</b>	08:45	13:45	<b>Entradas e saídas pola porta que está cara ao pavillón.</b>
<b>5º de Primaria</b>	08:55		
<b>4º de Primaria</b>	09:10	13:40	
<b>3º Primaria</b>	09:20		
<b>2º Primaria</b>	09:30	13:35	
<b>1º Primaria</b>	09:40		